

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 24 de outubro de 2004.-

Maías

*Yo vengo a hablar por vuestra boca
muerta*
(Pablo Neruda. *Canto
General*)

Do primitivo caos naceu a escuridade. Nada tiña existencia nin movemento. Tanto no ceo como no mar habitaba soamente o silencio. Foi entón cando Hunab-Kú descendeu para convidar aos deuses celestiais a unirse con el na danza encol das augas. Foi deste xeito como o mar ficou para sempre separado do firmamento, e unha vez que cansaron de bailar desenrolaron unha capa de terra onde poderen repousar.

Logo invocaron a Chaac, o deus da chuvia, para lle pedir que revestise todo de flores plantas e árbores. E choveu, e choveu e choveu. Todo canto oco existía na terra firme ficou para sempre repleto de auga. Foi así como naceron as lagoas e os “cenotes”.

Apareceu entón Kukulcán, o deus do vento, a gran serpe emplumada, e axitou con forza as ás dotando de movemento a todas as criaturas que na terra habitaban. E entón os seres todos xunguíronse nunha fermosa danza.

Así comezaba a xénese da Terra para o pobo maia. Poderíanse mencionar moitas máis deidades: Ixchel, Ahkin, Yaman-Ek... ou Mo, Huh e Kay-Op, gardiáns, por este orde, do ceo, da terra e das augas. Mais non é a miña intención escribir ningunha saga.

Quixera relatar, simplemente, o que aconteceu nunha calorosa tarde de verán mentres durmía unha plácida sesta no xardín da miña casa, e comecei a

escoitar unhas voces que parecían saír das entrañas mesmas da terra.
“Levanta esta tierra con tus manos, participa de este esplendor”.

Corremos toda a familia a este misterioso chamado, e logo de comprobar o lugar exacto de onde procedía, puxémonos a escavar. A terra abriuse perante nós coma cando se levanta a tampa dun pozo ata que puidemos albiscar, reflectido nas augas dunha lagoa subterránea o grandioso espectáculo da xeografía dos maias mentres unha voz nos falaba: *“caed en tierra, que vuestro rostro reciba / este gran latido de agua secreta”*. Alí estaban Uxmal, Chichen Itzá, Tulum e Cobá, na península do Yucatán, con nomes tan máxicos coma poderosas eran as xentes que as construíron. *“Mayas, habíais derribado / el árbol del conocimiento (...) y escrutabais en los cenotes / arrojándoles novias de oro...”*

Uxmal, a tres veces construída, presidida pola imponente pirámide do adiviño, que ten nada menos que trinta e cinco metros de altura e unha morea de enigmas aínda por descubrir, onde moraba o gobernador, mediador entre os homes e as divindades, a que xa no ano cincocentos antes de Cristo gozaba dun abraiante sistema de cisternas ou “chultunes” para a recolleita de auga da chuvia.

Cobá, que agora é unha ruína literalmente devorada pola exuberante vexetación do Caribe, e que ten a pirámide máis alta do mundo maia, con cento doce chanzos de escaleira en ascenso case vertical, dende onde se divisan quilómetros e máis quilómetros de selva, nunha das máis fermosas vistas que nunca até entón imaxináramos.

Tulum, que vivía o seu apoxeo cando chegaron os conquistadores españois, a cidade costeira construída no cumio dun escarpado acantilado con vistas ás augas azul turquesa do mar Caribe.

E Chichén Itzá, a “boca do pozo dos Itzaés”, que chegou a abarcar unha extensión de cincuenta e dous quilómetros cadrados, habitados por unha inxente poboación que os arqueólogos consideran un auténtico crebacabezas, até tal punto que teñen que modificar as súas teorías a medida que avanzan nos seus traballos. *“Chichén, tus rumores crecían / en el amanecer de la selva.”* Tivo para nós esta cidade o misterioso encanto dun mundo que se abría perante os nosos ollos abraiados, coma unha caixa onde estaban agachados os máis antigos misterios.

Chichén Itzá era un centro de peregrinaxe para o mundo maia da mesma categoría que pode selo para nós a cidade de Compostela. No seu castelo adorábase ao deus Kukulcán, relacionado co culto ao sol, e que en cada equinoccio descende polos noventa e un chanzos da interminábel escalinata para amosar ao mundo que aínda sigue vivo.

Dende o pozo aberto no xardín da nosa casa puidemos ver aos mozos que xogaban a un misterioso deporte, consistente en meter unha pelota a traveso duns aros de pedra colocados a unha altura case imposible, logo de golpeala coas coxas e cos cúbados, e tendo a morte ritual como trofeo. Puidemos ver as cabezas cortadas dos xogadores expostas para a admiración dun público entusiasta e afervorado. *“señaladme la piedra en que caísteis / y la madera en que os crucificaron...”*

E logo chegou o aterrador final da civilización dos maias. Impotentes contemplamos as grandes matanzas e a destrución das cidades. *“y al*

hambriento / que se acercó a los mármoles sagrados / le dieron con un palo en la cabeza (...) por los abismos / caían indios sepultados / en el vapor de la mañana: / un cuerpo rueda, una cosa sin nombre (...)”

Xusto nese momento a terra do noso xardín comezou de novo a pecharse. Sepultadas para sempre na nosa leira quedaron as cidades dos maias, do mesmo xeito que as súas vívidas imaxes ficarán para sempre na nosa memoria gravadas.

© Xesús Constela Doce, 2004

Nota do autor: todas as citas están extraídas do *Canto General* de Pablo Neruda.